

PEZA DO MES

abril

2019



VIDRO CON INSCRICIÓN
CAMPAMENTO DE AQUAE QUERQUENNAE

Vidro con inscrición. Campamento de *Aquae Querquennae*

Contexto arqueolóxico. O xacemento de *Aquae Querquennae* atópase no NW da Península Ibérica, concretamente na actual provincia de Ourense, dentro da comarca da Baixa Limia, ocupando terras que pertencen a tres aldeas (Porto Quintela, Os Baños e Mugueimes) e dous concellos (Bande e Muíños).

No período comprendido entre os anos 1975-2018 fixéronse escavacións arqueolóxicas sistemáticas e traballos de consolidación podéndose diferenciar dúas zonas nas inmediacións dunha calzada: unha militar, correspondente ao campamento (*castra*), e outra civil, identificada cunha aglomeración secundaria (*vicus*) nacida na súa contorna e na cal se establecería a mansión viaria (*mansio*) nos anos inmediatamente posteriores ao levantamento do recinto castrense.

O recinto identifícase cun campamento permanente (*castra stativa*) de planta rectangular, coas esquinas redondeadas, que abrangue unha superficie interna próxima ás 2,6 ha, alcanzando practicamente as 3,2 ha se temos en conta tanto a largueza da muralla como a do foso. Grazas aos traballos efectuados xa se descubriron e consolidaron un tramo de muralla que presenta torres cadradas a intervalos regulares, un foso, parte da vía que circunda internamente o recinto, dúas das catro entradas, o hospital, dous celeiros, tres barracóns para a tropa, o cuartel xeral e as latrinas.

Respecto á unidade que permaneceu aquí de gornición, a hipótese actual apunta a un continxente de tropas dependente da *legio VII Gemina*, acantonada en León-*Legio*, xa que nun fragmento de tella (*tegula*) se interpretou o seu selo como *cohors III*, e incluso se pensa nunha *cohors quingenaria equitata*, é dicir unha unidade mixta composta por tropas de infantaría e de cabalaría cuxos efectivos ascenderían a 500 soldados.

Na veciñanza do campamento constatouse a presenza dun asentamento civil (*vicus*) no cal se asentaría aquel grupo formado por esposas e fillos dos soldados (non recoñecidos de maneira oficial neste intre), mercadores, artesáns, etc., que seguían as tropas alá onde foran. A extensión deste aglomerado, aparecido ao mesmo tempo que o forte, aínda está por ser definido con precisión. Naquelas rexións onde o proceso romanizador fora pouco acentuado, os *vici militares* disolvéronse coa marcha da unidade. No noso caso, isto non debeu ocorrer


así, posto que o percorrido da Vía XVIII e outras calzadas da rede secundaria non oficial por estas terras, así como o establecemento dunha mansión viaria, trouxeron consigo un desenvolvemento urbano e socioeconómico suficiente para permanecer no lugar. Cerca dun manancial de augas termais próximas ao forte as escavacións arqueolóxicas puxeron ao descuberto os restos dun grande edificio con forno, lareira, amplas estancias e un lousado na súa entrada. As moedas e a cerámica recuperadas proporcionan unha cronoloxía que vai dende a época flavia ata o século V d. C. Sen dúbida, estes restos pertencerían ao núcleo desenvolvido arredor da mansión ou, incluso, á propia *mansio*.

Tanto as instalacións militares coma as civís situáronse nas inmediacións da Vía XVIII do Itinerario de Antonino que unía as localidades de Braga-*Bracara Augusta* e Astorga-*Asturica Augusta* seguindo o percorrido máis curto que cruzaba a provincia de Ourense en sentido SE-NE. A calzada e o campamento datan dos primeiros momentos da dinastía flavia, baixo cuxo mandato, coa promoción de grandes obras públicas, se asiste ao segundo grande impulso urbanizador tanto do NW coma do resto do territorio peninsular, posterior ao inicial de Augusto e pódese dicir que o campamento se erixiu para a construción e a vixilancia da vía, sen descoidar o control das poboacións veciñas.

Descrición. Este fragmento de vidro atopouse nun nivel superficial na campaña de escavacións arqueolóxicas levadas a cabo no ano 1988. A peza identifícase co fondo dunha botella cun corpo de sección cadrada que debeu contar cunha asa para a súa suxeición. Dende o punto de vista formal, pertence ao tipo 50b da tipoloxía establecida por C. Isings.

Para a fabricación deste tipo de botellas empregábase a técnica consistente na sopraxe do vidro en molde. A introdución da técnica da sopraxe supón un antes e un despois na sociedade romana xa que, deste xeito, o vidro deixou de ser un obxecto de luxo e converteuse en alcanzable para o resto da sociedade, grazas á simplificación do seu proceso de produción e ao abaratamento dos custos. podéndose falar dunha produción semi-industrial. Segundo as evidencias arqueolóxicas, estes moldes poderían ser de mármore, cerámica, madeira ou pedra.

O anaco de vidro é cadrado e posúe 8,7 cm de lado, unha altura máxima de 2,7 cm correspondente ao arrinque da súa parede e un grosor variable entre 0,5-0,9 cm. Na súa cara externa figura unha inscrición coas letras CRF, todas cunha altura de 2 cm, enmarcadas por un círculo cun diámetro de 5,5 cm. Catro escadras colocadas nos ángulos do fondo



MATRIZ PARA A FABRICACIÓN DA BOTELLA, SEGÚN M. XUSTO RODRÍGUEZ

da botella contribúen a completar a decoración da peza. Segundo a hipótese formulada por M. Xusto Rodríguez, as ditas letras poderían estar vencelladas a un artesán chamado *Caius Rufus*, o cal deixou impreso o seu selo (RVFI, «do taller de *Rufo*») tanto en tellas atopadas no campamento de *Aquae Querquennae* como noutros xacementos da súa contorna como *Castromao* (Celanova) ou *Riocaldo* (Lobios). Deste xeito atoparíamnos cun taller vidreiro local asociado a outro cerámico, nunha situación semellante á que aparece noutros lugares da Península Ibérica como ocorre no caso de *La Maja* (La Rioja).

O fragmento é de cor verde-azulada e translúcido. Realizando unha macrofotografía aprécianse algunhas impurezas que xurdiron no seu proceso de elaboración como, por exemplo, burbullas de ar de diferentes tamaños e infundidos de tipo puntos negros. Do mesmo xeito, no pequeno arrinque da parede conservado diferéncianse algunhas estrías.

Para a maioría dos investigadores este tipo de botellas empregáronse para conter produtos líquidos ou semilíquidos destinados á almacenaxe ou transporte.

A produción das botellas *Isings 50* acada o seu momento de esplendor entre a segunda metade do s. I d.C. e ao longo do s. II d.C., aínda que permanecen en uso durante o s. III d.C. No s. IV d.C., os achados son escasos tanto na parte occidental do Imperio como na oriental.

Paralelos. As botellas correspondentes ás variedades do tipo *Isings 50* atópanse por todo o territorio pertencente ao Imperio Romano. A súa presenza en Galicia é moi común, identificándose o seu emprego, por citar algúns exemplos, en campamentos (A Cidadela, Porto Quintela), vilas (*Riocaldo*, *Noville*, *Santomé*) ou castros (*Viladonga*).

O vidro en época romana. Os escritores grecolatinos, como *Estrabón*, *Tácito* ou *Plinio o Vello*, transmitiron cos seus escritos diversas achegas sobre a orixe e as utilidades do vidro. A súa fabricación facíase mediante a fusión, nas proporcións axeitadas, de tres materias primas con diferentes funcións: a sílice (vitrificante), a sosa (fundente) e o cal (estabilizante). A elas engadíanse outros produtos secundarios como o vidro reutilizado no proceso de fusión, os axentes decolorantes (como o antimónio e o manganeso) ou os axentes colorantes, empregados con intención decorativa, procedentes da oxidación de diversos metais (cobre, ferro, estaño ou manganeso) que modificaban a cor do vidro.

Tanto a súa variada fabricación como o seu uso constituíron unha auténtica revolución no que respecta aos diversos modelos empregados como as súas diferentes funcións. Segundo a acertada expresión de M. Xusto Rodríguez, dentro do mundo provincial galaico-romano, o vidro vai xurdir como un documento histórico que se amosa como unha vía de promoción da romanización.

En época romana o vidro foi utilizado para diversas funcións: almacenaxe de diversos produtos (bebidas, alimentos, perfumes, medicamentos), complemento da vaixela de mesa –compuesta basicamente por materiais cerámicos–, urnas cinerarias. Por outra banda, coa utilización da pasta vítrea fabricábanse pezas vencelladas ao adorno persoal: colares, aneis, pendentes, brazaletes, pulseiras, etc.

Cronoloxía. No momento actual da investigación, a *cohorte III* estivo ao completo no forte de *Aquae Querquennae* durante un período de tempo curto, comprendido entre os primeiros anos de goberno de *Vespasiano* e o final do mandato de *Traxano*, sendo posible unha ocupación residual durante o ascenso ao poder de *Adriano* (ata c. 120 d.C.). Durante o mandato deste emperador, segundo os resultados das derradeiras investigacións, a *cohorte* xa se atopa trasladada á *Dacia* e acuartelada no forte de *Pomet* (Romanía). Neste marco cronolóxico dátase, pois, o fragmento de vidro analizado.

Lugar de conservación. A peza pertence aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense onde figura rexistrada co número de inventario DX0113/2.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:


EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Tomás Vega Avelaira


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA